

NOTA DE PRENSA
XORNADAS MARISQUEIRAS O GROVE

EMGROBES QUERE LEVAR A CABO ACCIÓNS PROMOCIONAIS
NESTAS DATAS

A Asociación de empresarios Emgrobes, realizou hoxe a presentación das Xornadas marisqueiras de O Grove, que non son outra cousas que unha serie de accións promocionais para dinamizar a actividade turística na nosa vila durante estas datas incluíndo a ponte do Pilar.

Despois da cancelación definitiva da Festa do Marisco e de intentar por todos os medios que o Concello realizara accións de promoción complementarias ou alternativas a esta Festa, que incidiran na necesidade de acudir ós hoteis e restaurantes do Grove, que con medidas de seguridade, lle ofrecen ó visitante unha extraordinaria gastronomía neste mes de outubro, e non ter máis ca negativas, a asociación intentou conseguir financiación a través doutras administración para poder levar a cabo algo que consideran fundamental para esta vila que vive en gran parte do turismo e dos produtos de mar. Desta simbiose naceron estas xornadas que non son máis que unha promoción destes produtos da nosa vila, xa que o marisco de calidade donde mellor se pode degustar é nos nosos hoteis e nos nosos restaurantes, e sobre todo, sabendo que se cumpren as medidas de seguridade establecidos pola crise do Covid-19

Mostra de todo isto é que O Grove, por sorte, é un dos sitios no que a incidencia deste virus é menor, e todo isto é o que queremos destacar. Así con un plan de medios potente, a través de presentacións e sobre todo contando con todas as medidas de seguridade, o que se pretende ofrecer é confianza nos visitantes para poder vir a degustar o marisco nos nosos establecementos.

Na presentación, que se levou a cabo hoxe ás 12.00 da mañá no barco de Paseo Fly Delfind o grupo turimares, estiveron presentes políticos, representantes da Cofradía, representantes de turismo tanto da asociación como da Xunta de Galicia, a través da súa representante territorial chamada María Luisa Piñeiro Arco. Ademais da compañía da actriz galega Arantxa Treus (Serramoura, Fariña etc) que fixo de moderadora poñendo un toque de humor á presentación e que entre todos transmitiron unha mensaxe clara para os visitantes: CON SEGURIDADE NOS LOCAIS, SÍ SE PODE.

Así tanto establecementos hostaleiros, barcos de pasaxe, comercios, empresas do mar e todo tipo de empresas, a través da asociación Emgrobes, pero tamén Turismo de Galicia por parte da Xunta de Galicia, queren amosar que cumprindo as medidas hixénico sanitarias, poden seguir visitando o Grove e disfrutando da gastronomía local, do marisco e de todas as maravillas que a nosa vila pode ofrecer.

